



CONCELLO DE BEADE

P3201100I

Rúa Ribeiro, 28 - 32431 Beade (Ourense)

Tel.: 988 480 034 Fax: 988 480 075 Correo electrónico: info@beade.es

B A N D O

**D. FERNANDO TABOADA GUNTÍN, ALCALDE DO
CONCELLO DE BEADE (OURENSE),**

FAI SABER

O Concello de Beade adheriuse ao Convenio de colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia e SEAGA en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para a xestión da biomasa nas faixas secundarias.

O pobo de As Regadas, con motivo dos lumes acaecidos no verán pasado, foi declarada **parroquia priorizada**, existindo a posibilidade de que, aqueles particulares que teñan parcelas nesa faixa secundaria, e así o desexen, poidan solicitar a SEAGA que se faga cargo da súa limpeza, que é de carácter obrigatorio.

O Convenio fixa un prezo de 420,00 €/hectárea a limpar, para o que se asinará un contrato entre o propietario da parcela e SEAGA para levar a cabo os traballos.

Aquelas persoas interesadas en optar a esta opción, deberán pasar polas oficinas do concello, onde se realizará a tramitación do contrato.

Así mesmo, para calquera duda o información poderán acudir as oficinas do concello ou chamar ao teléfono 988 480034.

O que se fai público, para xeral coñecemento, en Beade, a catorce de maio de dos mil vinte e seis.

